

ALBOROQUE + HABITAR + O MONTE É NOSO 1684

Sabrina Fernández Casas + Anxos Fazáns + Llorenç Soler

ESTREA EN NUMAX: 22.03.2026 | V.O.

Convidamos a Sabrina Fernández Casas, gañadora do premio NUMAX Exhibición no Festival Intersección da Coruña coa súa obra "Alboroque", a programar unha sesión de curtas que dialoguen coa súa propia obra. A cineasta galega presentará esta carta branca na sala de cinema.

ALBOROQUE

Sabrina Fernández Casas | 2025 | 14 min

Brigadas activistas organizan unha resistencia ecolóxica contra as prantas invasoras e a maleza descoidada que rodea as aldeas en Galicia. As limas que utilizan para afiar as súas motoserras proceden dunha fábrica de metal de Suíza.

O MONTE É NOSO

Llorenç Soler | 1978 | 33 min

Histórico documental producido pola Coordinadora de Montes Comunais e dirixido por Llorenç Soler. A fita recolle a loita dos campesiños a finais dos 70 para recuperar os montes comunais traballados polo pobo pero usurpados pola ditadura no ano 1939.

HABITAR

Anxos Fazáns | 2023 | 14 min

Que é un fogar? Pode un corpo ser unha casa? Este filme tenta responder estas preguntas sobre a construción das nosas identidades a través do retrato íntimo de persoas transxénero galegas.



Celebrar a mestura e a biodiversidade

Por Daniel Salgado

Un alboroque é a palabra galega que describe a comida coa que se celebra ao final dun traballo colectivo. E é a palabra que elixiu a artista plástica galego suíza Sabrina Fernández Casas para titular a súa primeira incursión no cinema, un ensaio autobiográfico sobre “como vivir xuntos e xerar biodiversidade”. Poética e pausada, evocadora e densa, a curtametraxe indaga sobre a fractura da emigración, as vidas contemporáneas no rural ou a conservación ambiental.

Ao fondo da película atópase a historia familiar da directora. De entrada, a intención de Fernández Casas (Suíza, 1988) era algo así como resignificar os xestos da súa nai, unha muller galega emigrada en Suíza, onde traballaba nunha fábrica do metal. “Son unha filla da emigración”, defínese a autora, residente en Xenebra pero, segundo ela mesma explica, dacabalo con Galicia. Esa condición case transeúnte, binacional en todo caso, empurrouna a pensar sobre o retorno, “un retorno activista”. Cruzáronse entón no seu camiño dous acontecementos: o visionado do documental *O monte é noso* (1978), de Llorenç Soler, e o traballo das brigadas de voluntarios que limpan o monte galego de especies invasoras. Os elementos dos que xurdiu *Alboroque* estaban dispostos. Ultimounos na residencia artística da fundación María José Jove.

“*O monte é noso* removeume por dentro. Trata das expropiacións a campesiños durante o franquismo” e de como estes loitaron por recuperar o monte comunal. “Quedei con esa idea de pensar no regreso”. A súa propia nai, que aparece na secuencia inicial da fita, sostén un teléfono que reproduce imaxes do filme de Soler, peza fundamental do cinema militante galego nos 70. A actividade das brigadas, das que ela mesma forma parte cando se atopa en Galicia, reveloulle algunhas problemáticas do mundo rural: a falta de transporte ou servizos médicos, o abandono de terras e montes. “Fálase moito do eucalipto como especie invasora [as hectáreas plantadas desta árbore superan con moito as previsións da propia Xunta respecto diso] e dos riscos do monocultivo”, di, “non tanto da acacia, menos lucrativa, pero un auténtico problema nos viñedos ourensáns”.

A Lentille, Cenlle, no corazón do Ribeiro ourensán, viaxa Fernández Casas da man de Susana. A cámara segue esta veciña do lugar, que explica a pelexa das brigadas contra a acacia descontrolada. Tamén denuncia o desleixo gobernamental, a pesar das reclamacións de veciños e veciñas. “As plantas e as persoas somos migrantes por natureza, e isto hai que celebralo”, aclara a cineasta, “pero o monocultivo e o descoido son contraproducentes. A película celebra a biodiversidade e a mestura”. Un serán de cantareiras brigadistas pecha a metrxaxe. O alboroque.

Publicado en eldiario.es/galicia